



MOCIÓN PARA A FISCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DO CENTRO OCUPACIONAL DA RAN

AO PLENO DA CORPORACIÓN DE CUNTIS

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza na Corporación de Cuntis

EXPOÑEMOS:

Unhas das principais inquiredanzas de calquera responsable político diante da situación que levamos padecendo neste concello durante os últimos anos ten que ser a de tomar medidas eficaces en materia de emprego. A falta da posta en marcha do polígono industrial debilita o tecido empresarial local dificultando a creación de postos de traballo, isto sumado á perda de axudas nesta materia por mor dunha lamentable xestión durante a legislatura pasada agravan unha situación xa de por si moi complicada.

Os últimos datos que facilitou o Instituto Galego de Estatística amosan a seguinte realidade: temos 1.525 persoas afiliadas a Seguridade Social (setembro 2015), das cales 460 atópanse en situación de desemprego (outubro 2015).

As institucións municipais apenas contan con competencias en materia de emprego pero si que hai diversos factores neste senso que se poden favorecer amosando interese e axuda. Concretamente o noso concello conta co Centro de Formación Ocupacional da Ran, equipado para impartir cursos específicos e recibir ás persoas que procuran traballo ou axudas ao emprendemento, e cun Axente de Desenvolvemento Local que desempeña alí o seu traballo.



En consonancia coa aposta pola transparencia na xestión municipal pola que todos os grupos da Corporación apostamos, e para ter unha análise máis global e completa da situación actual e do tipo de xestión que se está a levar dende este Centro, e poder así presentar medidas que se acheguen á nosa realidade na procura de atallar esta situación

propoñemos a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Que antes do remate do presente ano, por medio do Axente de Desenvolvemento Local, se presente a Memoria de Actividade deste 2015 na que, cando menos se detallen os perfís dos/das demandantes de emprego do noso municipio (idade, sexo, estudos, tempo en situación de desemprego, etc.), as medidas que se tomaron para axudar a estas persoas a incorporárense ao mercado laboral (cursos impartidos no concello de Cuntis, tipo e periodicidade dos contactos que se manteñen con estas persoas para comunicarlles ofertas que correspondan co seu perfil, avisos sobre axudas ao emprendemento que se teñan convocado...)

SEGUNDO. Que á maior brevidade posible o Grupo de Goberno, por medio do Centro de Formación Ocupacional da Ran, presente cando menos os trazos da programación prevista para o ano 2016

Cuntis, 23 de novembro de 2015

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López